



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1044/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 08 DE XULLO DE 2021.

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Proposta de aprobación das bases de selección de equipo directivo do obradoiro de emprego "FORMAWEB IV". Expte. 18306/77
- 3.- Proposta de aprobación das bases de selección do alumnado-traballador do obradoiro de garantía xuvenil FORMAWEB IV. Expte. 18307/77.
- 4.- Aprobación conta xustificativa dos gastos realizados para a execución do «Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas no eido local do Concello de Vigo 2019 – 2022», no período comprendido entre o 01 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021. Expte. 193436/301
- 5.- Modificación do prazo de vixencia da addenda (nº3) aprobada pola Xunta de Goberno Local (15/04/2021). Expediente 77457/250.

#### DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **08 de XULLO de 2021, a continuación da ordinaria, realizada na mesma**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.  
CCA/rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez